

ct

Hotel Europa

de
Ernesto Is

(fragmento en galego)

Una comedia de Ernesto Is para Señora Supina

Mimi comeza a cantar “Pobre secretaria”¹. Cando remata, María Altagracia achégase a ela, cóllea polos ombreiros e sacúdea. Vidi asubía co chifre.

M^a ALTAGRACIA

¡Tumbe esa vaina, señorita! Que *mielda* de canción é esa!? Non crucei medio mundo para ter que aturar estes comportamentos submisos co *machito* do lugar! *Espabilese* agora mesmo e *suelte en banda* a ese paxaro que ten de mal xefe e peor noivo! (A Melitón) ¡Aprovechao! ¡Malnacio! (Secándolle as bágoas á Secretaria) Aínda non naceu home o suficientemente digno como para facela chorar a vostede, señorita.

MELITÓN ROCHA

Ei, negra, quen te cres que es para falarme dese xeito?

M^a ALTAGRACIA

Eu son María de la Santísima Concepción y Virtudes de la Altagracia e trato aos homes merdentos coma ti con toda a miña furia caribeña!

Altagracia propínalle unha patada na entreperna a Melitón Rocha e este lanza un agudísimo berro de dor.

AURORA

Altagracia!!!

M^a ALTAGRACIA

Tranquila, Dona Aurora, que lle estou afinando a voz.

Escóitanse as sirenas da policía achegándose.

AURORA

A policía! Chegou a hora! Rápido, agochádevos antes de que entren e nos saquen á forza! Temos que gañar tempo.

María Altagracia, Vidi e a Secretaria saen correndo.

MELITÓN ROCHA

(Aínda con máis voz de pito) Por fin! O final do Hotel Europa! O teu final, Aurora Mendoza!

AURORA

Este non é o meu final, Melitón. É o final para todas e todos nós, para cada unha das veciñas desta vila. Cando hoxe cruce a porta do Europa por derradeira vez, que futuro lle agardará a este lugar? Levantarás un hipercentro comercial? Construirás uns apartamentos de luxo? Ou, talvez, un

¹. *Pobre secretaria*, Daniela Romo

aeroporto onde os avións nin aterran nin despegan? Tanto ten no que se vaian converter estas terras, a vila e mais a comarca esmorecerán en nome do progreso e da globalización. Ás persoas poderosas coma ti, Melitón, échesevos a boca falando de liberdade e solidariedade, de esforzo colectivo e ben común, cando sodes as primeiras que desvirtuades o significado desas fermosas palabras coa vosa ambición sen límites. (*Ofrécelle o cofre*) Toma. As chaves do Hotel Europa.